



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 31 de xaneiro de 2018, á vista da avaliación achegadas pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

DEXAMETASONA INTRAVITREA

na indicación de:

1. Tratamento do edema macular secundario a oclusión da rama venosa retiniana (ORVR) ou oclusión venosa retiniana central (OVCR), +/- fotocoagulación con láser.

Para o emprego deste medicamento recoméndase valorar a eficiencia das alternativas terapéuticas existentes [Medicamentos anti-factor do crecemento do endotelio vascular (anti-VEGF)] nesta indicación.


2. Tratamento da inflamación que se presenta como uveítis non infecciosa no segmento posterior do ollo, que non responde previamente a corticoides e/ou terapia inmunosupresora.

3. Tratamento do deterioro da visión debido a edema macular diabético en pacientes pseudofáquicos, nos que se considera que presentan unha resposta insuficiente aos medicamentos anti-VEGF, (despois de 3 a 6 inxeccións, dependendo da resposta específica de cada paciente), ou nos que a prescrición dos medicamentos anti-VEGF non é apropiada.

(Indicación actualizada xaneiro 2018)

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica


Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde